

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.
Dna. Raquel Caruncho Corral.
D. José Simoes Couceiro.
Dna. Yolanda Vázquez Busto.
Dna. Silvia Fornos Permuy.
D. Francisco Javier Crespo Romeo.
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.
D. Andrés Pérez Pérez.
Dna. Ana María Veira García.
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as doce horas e oito minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil dezasete, xúntanse en sesión extraordinaria e urxente, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polo Secretario-Accidental Municipal.

Non asiste:

Dna. Marta Pico Machado.

Secretario-Accidental:

D. Alberto Pensado Seijas

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1. -RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 28.12.2017

Expediente: 2017/G006/000248

A urxencia da celebración desta sesión Plenaria ven derivada da imposibilidade, á día de hoxe, de convocar a sesión ordinaria do mes de decembro en prazo e ante a necesidade de manter a data de celebración (xoves), co obxecto de producir o menor prexuízo ás persoas membro da Corporación.

*Por tanto, esta Alcaldía-Presidencia, **PROPÓN** ao Pleno do Concello de Pontevedra, a **RATIFICACIÓN DA URXENCIA** da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontevedra de 28.12.2017.*

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontevedra a 26 de decembro de 2017”

A Presidencia abre a quenda para o debate.



Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **RATIFICADA POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes a **URXENCIA DA SESIÓN**.

2.- CONTINUIDADE DO CONTRATO DE XESTIÓN, DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

O Secretario-Accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: Extraordinaria Urxente de data martes 26 de decembro de 2017

EXPDTE: 2017/G012/000020

Sesión nº: 21/2015-2019

2.- CONTINUIDADE DO CONTRATO DE XESTIÓN, DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA AUGA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DITAME

CONTINUIDADE DO CONTRATO DE XESTIÓN, DO SEVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA AUGA DO CONCELLO DE PONTEDEUME

(Expediente: 2017/G006/000241)

Tendo en conta que o vindeiro día 1 de xaneiro de 2018 remata o prazo establecido no contrato de Xestión do servizo de abastecemento, saneamento e depuración do Concello de Pontedeume, tendo en conta a redacción establecida na cláusula terceira do contrato formalizado e en vigor.

Visto que con data 14 de decembro de 2017 preséntase no Rexistro de entrada municipal (RE nº 161) escrito pola representación da entidade concesionaria no que solicita aprobar as retribucións e liquidacións pendentes dende o ano 2008 e 2006 respectivamente, a retribución para o ano 2018, comunicando que continuará prestando o servizo polo período de 5 anos a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Visto que con data 15 de decembro de 2017, dítase providencia da alcaldía na que indica entre outros que con data 1 de xaneiro de 2018 finaliza a concesión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento de redes de saneamento e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa e solicítase informe xurídico ao respecto da prórroga por período de 5 anos a partir do 1 de xaneiro de 2018 atendendo á solicitude do concesionario.

Visto o informe xurídico emitido con data 22/12/2017 en sentido desfavorable coa prórroga do contrato de Xestión do servizo de abastecemento, saneamento e depuración do Concello de Pontedeume.

Tendo en conta que restan trámites por realizar antes de proceder á resolución do contrato coa concesionaria VIAQUA do servizo de abastecemento, saneamento e depuración do Concello de Pontedeume, tendo en conta que está sen realizar a liquidación do contrato, nin a aprobación das liquidacións dende o ano 2006, nin as retribucións do contrato, nin o recoñecemento das inversións nestes 20 anos de concesión. Esta situación xera neste momento unha sobrecarga de traballo que ralentiza a elaboración do conseguinte prego xa que deb de ser liquidada a concesión vixente antes da saída a concurso do devandito contrato de

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*ahíq eu non se atope en vigor o novo contrato administrativo, que permita dar continuidade ao servizo básico de abastecemento, saneamento e depuración do concello de Ponte deume, tendo en conta a competencia do Pleno para a adopción do presente acordo ao tratarse de órgano de contratación, **PROPOÑO** para o seu ditame pola Comisión Informativa:*

PRIMEIRO: *Que en aras do interese público e de dar continuidade a prestación do servizo, co fin de non causar graves prexuízos ao interese xeral, aprobar a continuidade da prestación do servizo de abastecemento, saneamento e depuración do Concello de Ponte deume pola entidade concesionaria VIAQUA, Gestión integral de aguas de Galicia SAU, ata a formalización da nova contratación, que en todo caso será con carácter máximo dentro do prazo de cinco anos, período de prórroga recollido na cláusula 2ª do prego único refundido aprobado por Pleno de 19 de marzo de 1997, sen exceder do prazo máximo legalmente establecido.*

SEGUNDO: *Notificar o presente acordo ao concesionario e dar traslado ao servizo responsable aos efectos oportunos.*

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde na data indicada na marxe.”

Toma a palabra a Sra. Interventora. Dna. Lucía Varela Martínez indica que se ben, polo volume de traballo da Intervención Municipal, non se ten emitido informe de fiscalización ao respecto, subscribe o contido do informe xurídico que obra no expediente.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

*Non habendo intervencións, sometese a **votación a proposta transcrita, quedando DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; **3 abstencións** do resto das señoras concelleiras, do PP(2): Dna. Mª Carmen Piñeiro Varela e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte; e do BNG-AA: Dna. Ana Veira García.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate. D. Bernardo Fernández Piñeiro introduce a quenda de intervencións indicando que, tal e como se indicou na Comisión Informativa, trátase de dar continuidade, de xeito temporal, ao servizo ata que se conclúa o traballo que se está a realizar, non só de redacción de pregos, se non de auditoría e das liquidacións pendentes para coa empresa concesionaria, que impiden a rescisión do contrato. O Sr. Presidente cualifica o dito traballo como laborioso e indica que está a requirir máis esforzo do previsto xa que non se ten localizado parte do expediente. Dito isto, anuncia que coa nova contratación prevense uns ingresos para as arcas municipais de preto de centro cincuenta mil euros anuais, logo de que xa se teña amortizada a infraestrutura que recollía o contrato actual.

De seguido, toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) remítese ao contido do informe xurídico en canto á prórroga deste servizo, emitido con carácter desfavorable, polo que cualifica de “atrevemento” do goberno municipal someter este asunto ao Pleno, cando non se axusta ao establecido na lexislación de contratación pública. O Sr. Crespo Romeo fai referencia ao escenario actual e aos cambios que se produciron no Concello ao respecto de mandatos anteriores no relativo ao incremento do persoal municipal, recordando os feitos que o Sr. Alcalde puxo en coñecemento da fiscalía pola falla de tramitación dos expedientes de contratación e que non prosperou xa que os xuíces consideraron que non había persoal municipal suficiente. Considera que a contratación do



servizo xa se debería de ter tramitado e non favorecer así á empresa privada, xa que a data de remate era coñecida. Di que ao haber máis persoal no Concello e, se se ordena, se podería ter “quitado” a contratación, considerando que dende o goberno municipal se priorizaron outras actuacións, polo que cualifica como excusas as argumentacións do Sr. Alcalde, a quen considera escravo das súas palabras, en tanto que está a facer o que criticaba cando formaba parte da oposición. Anuncia o voto en contra do seu grupo ao acordo, xustificándoo en que a lei é clara e contundente, en canto a que establece que a día de hoxe non se pode prorrogar o contrato, e considera que se está nun Pleno bastante complicado a nivel xurídico.

De seguido, intervén a portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG-AA). Dña. Ana Veira García comeza a súa intervención referíndose ao servizo como de primeira necesidade e que, polo tanto, non se debe de poñer en mans de empresas, facendo alusión á remunicipalización dos servizos que, segundo di, están a asumir moitos concellos. Logo da intervención do Sr. Alcalde ao respecto da infraestrutura amortizada e os ingresos que se prevén, considera que é un bo momento para que o concello asuma a prestación do servizo, xa que non haberá investimentos que facer. A Sra. Veira García continúa facendo referencia á confianza depositada no goberno local, en tanto que se viña de momentos complicados, pola pouca acción do goberno anterior, se ben considera que xa chega un momento en que xa non vale dicir “a ver que se pode facer”. Remítese ao contido do informe ao respecto da existencia de falla de control e prexuízos para o interese público, polo que ve que hai un problema. Anuncia o voto en contra do seu grupo, tendo en conta que esta concesión sabíase cando remataba e en que, por tanto, este contrato debía estar elaborado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di non saír do seu asombro e considera demagóxico e irresponsable o contido das intervencións anteriores, referíndose a que a última liquidación realizada á empresa adjudicataria data do ano 2007, cando o PP obstentaba o goberno local e que foi co novo goberno, no 2015, dando se realizou a última, traballo que xa tiña que estar feito e que por tanto, é a quen non fixo este traballo a quen lle hai que imputar a falla de control e prexuízo para o interese público á que facía referencia a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA. Defende a xestión do seu goberno, indica que os pregos non os fan os/as concelleiros/as, que ou os redacta o persoal técnico ou se externalizan, e que se está a traballar para arranxar o que cualifica como “desaguisado”. Dito isto, indica que non se está aprobando unha prórroga, se non a continuidade no contrato de xestión xa que, de non ser así, a partir do día 1 non habería servizo de auga e que é cuestión de semanas ou meses a contratación do servizo o que considera non comparable co retraso na contratación doutras prestacións, poñendo como exemplo o Servizo de Axuda a Domicilio, que dun contrato inicial de tres meses, rematou prorrogándose ata oito anos. Incide na complexidade da contratación, na necesidade da auditoría e na resolución da problemática derivada das liquidacións pendentes, dentro do que considera unha actuación responsable do goberno de non deixar marchar a unha empresa sen auditar, auditoría que comprende tamén a comprobación dos investimentos en infraestrutura realizados por esta, aos que se fixo referencia en intervencións anteriores e que, se ben se executaron os derivados do procedemento de contratación, que cifra en torno a dous centos millóns de pesetas, é evidente que non están feitos todos os investimentos que a rede require. Considera unha cuestión de necesidade esta continuidade cuxo acordo se somete a adopción do Pleno xa que a outra opción sería deixar o asunto e que se quite o prego. Conclúe pedindo responsabilidade aos membros da Corporación e di agardar que algunhas das cousas que se dixeron fora por falla de coñecemento.

D. Andrés Pérez Pérez, concelleiro do Grupo Municipal do PP pide a palabra por alusións, indicando que o Sr. Alcalde era coñecedor da situación logo de ter preguntado varias veces, cando formaba parte da oposición, polas liquidacións de “Aquagest” e que, pola súa parte, como concelleiro de facenda no mandato anterior, tivo dito á Intervención que se revisaran, dende onde sempre se lles dixo que, se ben parecía que a cousa estaba mal, era necesario mirar o asunto con tempo. O Sr. Pérez Pérez defende a xestión do goberno anterior e que, ao igual que na actualidade di D. Bernardo Fernández Piñeiro, era un traballo de anos e que non podían paralizar o Concello.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De seguido, toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do PP considera que se debían de ter quitado os pregos, facendo o resto do traballo en paralelo. Fai referencia ás obras que tiñan que estar executadas e das que non hai certificacións, indicando que a data de remate daquelas correspóndese con mandatos nos que o PSOE e o BNG formaban parte do goberno local. Considera que o Sr. Alcalde non da unha explicación coherente, poñendo como exemplo a coxuntura dunha posible xudicialización do asunto e o longo período de resolución deste tipo de procedementos.

A continuación, intervén a Sra. Voceira do Grupo Municipal do BNG-AA. Dna. Ana Veira García remítese á conclusión do informe ao respecto da prórroga, que é desfavorable. Di que tendo claro que o BNG non ten responsabilidade para co asunto, considera que dende o PP e o PSOE se está a manter o mesmo discurso. Defende o traballo da oposición en tanto que se pide que se fagan as cousas, e cre que o goberno, con maioría absoluta, ten que facer. Di que xa se poderían ter os pregos e que non se tivo información sobre o asunto ata a celebración da Comisión Informativa e que non lles parece oportuno seguir a dar cheques en branco, que os deberes están sen facer, facendo alusión ao contido dos puntos terceiro e quinto deste Pleno. Tras indicar que non están a favor de que unha empresa marche sen pagar, pregunta se dende o 2015, que foi a última liquidación, se ten feito algo no 2017. Considera que é o momento de dar un golpe na mesa e que se empece a funcionar e traballar.

De seguido, toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que sí se están dando pasos, indicando que se leva traballando meses no asunto mais que, polo volume de traballo, non se chegou ao resultado agardado e que na Intervención Municipal se conta co mesmo número de persoal que en mandatos anteriores. Indica que non se pode rescindir o contrato sen liquidar e que, para acudir ao Xulgado, habería que saber as contías a reclamar que, a día de hoxe, non se saben.

D. Francisco Javier Crespo Romeo considera que o escenario cambiou e que xa se empezou a falar destes temas hai dous anos e medio nos que, se non hai liquidacións, hai que saber o motivo.

De seguido, prodúcese un debate ao respecto da complexidade do asunto, que conclúe o Sr. Presidente, indicando que se intentará dar unha solución ao tema no menor prazo posible xa que non se trata de falla de interese, nin de inacción nin de querer beneficiar a alguén indicando que, non se ten prevista a remunicipalización do servizo.

D. Andrés Pérez Pérez intervén e pide que conste en acta que durante o goberno do Partido Popular, tres interventores/as rexeitaron facer as liquidacións, ao tempo que indica que a liquidación de 2015 á que fai referencia o Sr. Alcalde, non é unha liquidación en si.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación co seguinte resultado: **6 votos a favor** dos/as concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; **6 votos en contra** do resto dos/as concelleiros do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Tendo en conta que do resultado da votación se obtivo un empate, atendendo ao establecido no artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba el Reglamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese a unha **segunda votación** co mesmo resultado que a primeira e por tanto, queda **ADOPTADO**, co **VOTO DE CALIDADE** do Alcalde-Presidente, o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO: Que en aras do interese público e de dar continuidade a prestación do servizo, co fin de non causar graves prexuízos ao interese xeral, aprobar a continuidade da prestación do servizo de abastecemento, saneamento e depuración do Concello de Pontedeume pola entidade concesionaria VIAQUA, Gestión integral de augas de Galicia SAU, ata a formalización da nova contratación, que en todo caso será con carácter máximo dentro do prazo de cinco anos, período de prórroga recollido na cláusula 2ª do prego único refundido aprobado por Pleno de 19 de marzo de 1997, sen exceder do prazo máximo legalmente establecido.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao concesionario e dar traslado ao servizo responsable aos efectos oportunos.

3.- CONTINUIDADE DO CONTRATO DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL E XIMNASIO.

O Secretario-Accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: *Extraordinaria Urxente de data martes 26 de decembro de 2017*

EXPDTE: *2017/G012/000020*

Sesión nº: *21/2015-2019*

3.- CONTINUIDADE DO CONTRATO DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL E XIMNASIO.

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DE DITAME

CONTINUIDADE DO CONTRATO DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL E XIMNASIO

(Expediente: 2017/G006/000242)

Vista Cláusula 8 ("Obrigas básicas do Concesionario") apartado t) do Prego de Cláusulas Administrativas e Económicas Particulares e Prescricións Técnicas que haberá de rexer para a explotación e mantemento das explotacións deportivas do Servizo Público da Piscina Municipal e Ximnasio aprobado polo Pleno da Corporación en data de 18.06.2002, que dispón:

"As restantes sinaladas nos artigos 128 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, na medida que non se atopen derogados por ser incompatibles coa lexislación ou regulamentación contractual posterior".

Visto o artigo 128.1.1ª do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (en vigor), que expón:

"Serán obligaciones generales del concesionario:

1.ª Prestar el servicio del modo dispuesto en la concesión u ordenado posteriormente por la Corporación concedente, incluso en el caso de que circunstancias sobrevenidas e imprevisibles ocasionaren una subversión en la economía de la concesión, y sin más interrupciones que las que se habrían producido en el supuesto de gestión directa municipal o provincial".

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O anterior debe relacionarse coa *Claúsula 2ª* (“Obrigas do Adxudicatario”) do contrato administrativo de “Xestión, Explotación e Mantemento das Instalacións Deportivas do Servizo Público de Piscina Cuberta Climatizada Municipal e Ximnasio” (Expediente nº XS-C-01-2002) que sinala que o contrato desenvolverase “...con estricta suxeición ó contido do mesmo e ás **prescricións técnicas e prego de condicións e demais condicionantes que figuren no citado Prego, así como as instrucións que reciba da Alcaldía presidencia e/ou Concellería Delegada, documentos contractuais que o adxudicatario acepta incondicionadamente e sen reserva algunha**”.

Tendo en conta que con data 17 de novembro de 2017, D. Víctor M. Reyero Rodríguez en representación da entidade *SERVICIO SL* presenta escrito no que entre outros renuncia expresamente á prórroga do contrato de data 26/12/2002

Vista a comunicación de data 12/12/2017 remitida con data 13/12/2017 (RS nº 4005) ao concesionario por parte da Alcaldía.

Visto o escrito de data 18/12/2017 presentado por RE nº 163 de 19/12/2017 opoñéndose á pretendida prórroga forzosa.

Visto o informe xurídico de data 22/12/2017 no que se informa en sentido desfavorable a prórroga do contrato de Xestión, Explotación e Mantemento das Instalacións Deportivas do Servizo Público de Piscina Cuberta Climatizada Municipal e Ximnasio do Concello de Ponte deume

Tendo en conta canto antecede e en aras de protexer o mantemento do servizo que ven sendo utilizado por centos de eumeses que non poden padecer as eventualidades xeradas polo expediente administrativo, e tendo en conta o informado no informe xurídico emitido ao respecto, sendo competencia do Pleno na súa condición de órgano de contratación, **PROPOÑO**

para o seu ditame pola Comisión Informativa:

PRIMEIRO: Que en aras do interese público e de dar continuidade a prestación do servizo, co fin de non causar graves prexuízos ao interese xeral, aprobar a continuidade da prestación do servizo de Xestión, Explotación e Mantemento das Instalacións Deportivas do Servizo Público de Piscina Cuberta Climatizada Municipal e Ximnasio do Concello de Ponte deume pola entidade concesionaria *Servizo Cultura Deporte e Recreación SL* ata a formalización da nova contratación, que en todo caso será no menor prazo posible e sen acollerse á prórroga tácita nin expresa ao non cumprir os requisitos legalmente esixidos para elo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao concesionario e dar traslado ao servizo responsable aos efectos oportunos.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde na data indicada na marxe.”

Toma a palabra a Sra. Interventora. Dña. Lucía Varela Martínez indica que se ben, polo volume de traballo da Intervención Municipal, non se ten emitido informe de fiscalización ao respecto, subscribe o contido do informe xurídico que obra no expediente.



A Presidencia abre a quenda para o debate.

*Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado; **3 abstencións** do resto das señoras concelleiras, do PP(2): Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela e Dña. Ascensión María de Vicente Olarte; e do BNG-AA: Dña. Ana Veira García.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate, facendo referencia a sentenzas favorables á continuidade dos distintos servizos en defensa do interese público.

De seguido, toma a palabra o Sr. Portavoz do Partido Popular. D. Francisco Javier Crespo Romeo fai referencia ao contido do informe xurídico, en tanto que conclúen a prórroga do contrato como desfavorable e que por tanto, se estaría a incumprir a normativa. Sobre a explicación que ven de dar o Sr. Alcalde, considera que ter que ir ao xulgado é unha consecuencia de non ter feito os deberes e que no caso do Concello, se teñen priorizado outras cousas que, segundo di, interesan máis xa que, se o goberno así o decidise, teríase feito este traballo e considerando que, dous anos e medio, é tempo suficiente.

Concluída a intervención anterior, toma a palabra Dña. Ana Veira García. A Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA remítese tamén ao contido do informe ao respecto dos incumprimentos e que, sendo coñecedores da problemática xudicial ao respecto dos cobros indebidos, di que esta situación sobre os cobros xa era coñecida e foi denunciada durante o mandato anterior e agora parece que, o PP non ten culpa de nada e que o PSOE, no goberno local con maioría absoluta, era coñecedor do que sucedía na piscina. Di que o contrato tiña que estar feito, independentemente das sentenzas, que se teñen que cumprir. Considera que, dependendo da vontade política, todo se pode facer se se quere facer xa que incluso o Sr. Alcalde fixo referencia á opción da externalización da redacción dos pregos, ao igual que se externalizan outras cousas. Recorda que o BNG leva varios plenos facendo referencia ao remate do contrato, dende o minuto un da lexislatura di, polo que considera que non é admisible ter chegado a este punto sen ter lista a contratación, facendo un símil da situación con deixar todo para o último día ante un exame, polo que considera que se puido ter feito outra temporalización e que, por tanto, o voto do BNG vai ser en contra.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde-Presidente di que, unha vez máis, non sabe como en oito anos de gobernos anteriores non se fixeron os pregos dos distintos servizos. Defende a actuación do seu grupo ante a situación dos cobros indebidos que segundo di, tiveron que chegar ao goberno para actuar xa que o goberno anterior non o fixo, indicando que se tiña que ter modificado a ordenanza e que non se fixo. Di que dende hai dous anos, o goberno local está a poñer ben as cousas. Prevé que en xaneiro estean listos os pregos e que o retraso se deriva de certas cuestións, como por exemplo, a revisión da instalación.

Dña. Ana Veira García pregunta se a o PSOE fixo o cambio de ordenanza ao que ven de facer referencia o Sr. Alcalde.

D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta que non, que o que se fixo foi reclamar á empresa concesionaria.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que se está peor que antes xa que, a tres días de rematar o ano, hai máis servizos continuados polo que o voto do seu grupo vai ser en contra en tanto que non se está a cumprir coa lei de contratos e que se favorece á empresa privada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente que, pedindo que conste en acta, advirte ao portavoz do Partido Popular das consecuencias que pode ter dicir nun Pleno que se está a favorecer a unha empresa privada, en referencia á posibilidade de denunciar ante o xulgado tal afirmación, constitutiva de delito.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que o se tratou de dicir é que, sen os pregos, estase pechando a oportunidade a outras empresas.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que, neste caso en concreto, a empresa ten presentado un escrito de renuncia á continuidade do servizo e que, por razóns de interese público, é o Concello quen lle obriga a continuar.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación co seguinte resultado: **6 votos a favor** dos/as concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; **6 votos en contra** do resto dos/as concelleiros do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Tendo en conta que do resultado da votación se obtivo un empate, atendendo ao establecido no artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba el Reglamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese a unha **segunda votación** co mesmo resultado que a primeira e por tanto, queda **ADOPTADO**, co **VOTO DE CALIDADE** do Alcalde-Presidente, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Que en aras do interese público e de dar continuidade a prestación do servizo, co fin de non causar graves prexuízos ao interese xeral, aprobar a continuidade da prestación do servizo de Xestión, Explotación e Mantemento das Instalacións Deportivas do Servizo Público de Piscina Cuberta Climatizada Municipal e Ximnasio do Concello de Ponte deume pola entidade concesionaria Servizo Cultura Deporte e Recreación SL ata a formalización da nova contratación, que en todo caso será no menor prazo posible e sen acollerse á prórroga tácita nin expresa ao non cumprir os requisitos legalmente esixidos para elo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao concesionario e dar traslado ao servizo responsable aos efectos oportunos.

4.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL.

O Secretario-Accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: Extraordinaria Urxente de data martes 26 de decembro de 2017

EXPDTE: 2017/G012/000020

Sesión nº: 21/2015-2019

4.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL.

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DE DITAME

MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL.

(Expediente: 2017/G006/000243)

Vista a providencia da Alcaldía de data 1/12/2017.



Visto o “INVENTARIO DE PATRIMONIO DEL CONCELLO DE PONTEDEUME”, con Rexistro de entrada municipal de data 19/12/2012 nº 7473.

Visto que por medio de acordo plenario de data 28/02/2013 acórdase entre outros, a aprobación do inventario de bens municipais.

Vista a Acta de recepción del inventario municipal datada o día 17 de xullo de 2013, con posterioridade á data de aprobación por parte do Pleno municipal.

Visto o escrito presentado por Dona Sandra García Díaz o día 19/05/2014 (RE nº 3124), en representación da entidade INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD SA, na que se indica literalmente: “Se hace entrega de inventario de Patrimonio Concello que sustituye al que se registró con fecha 19/12/2012 por modificaciones realizadas por Diputación”.

Consta referencia documental da concesión do trámite de información pública a medio de publicación no BOP A Coruña nº 50 de data 13/03/2013.

Visto o acordo do Pleno corporativo de data 16/12/2015 de aprobación do inventario de patrimonio municipal.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria municipal de data 18 de decembro de 2017 sobre a rectificación anual correspondente ao ano 2017.

Considerando a lexislación aplicable:

— Artigos 17 a 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

— Artigos 86 e 87 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local

Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local

Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio de las Administraciones Públicas

PROPOÑO para o seu ditame pola Comisión Informativa:

PRIMEIRO: Aprobar as rectificacións do inventario de patrimonio municipal do concello de Pontedeume correspondentes ao ano 2017, que se considerarán feitas sobre o acordo de aprobación do inventario de patrimonio municipal adoptado polo Pleno corporativo de data 16.12.2015, acumulando ás ahí aprobadas as seguintes que se detallan.

As rectificacións que se aproban serán incorporadas como parte do Inventario de patrimonio municipal tanto en soporte papel como en soporte dixital na aplicación www.inventariomunicipal.dicoruna.es/Invent/pontedeume, resultando o inventario de patrimonio do concello de Pontedeume aprobado definitivamente aos efectos do ano 2017, sen perxuízo das actualizacións do inventario pendentes de incorporar nos exercizos económicos 2012, 2013 e 2014 e, no seu caso, a posible incorporación de maiores bens ou dereitos correspondentes ao ano 2015, segundo o establecido no acordo de Pleno de data 16.12.2015. Neste suposto ás variacións serán incorporadas nos sucesivos acordos que con carácter anual se adopten sobre o inventario municipal dando cumprimento ao indicado no RD 1732/1986:

1.- BENS INMOBLES.

1.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos facilitados polos servizos técnicos municipais en bens inmobles abastecemento **1ABT0690008943 Tramo de rede de distribución en Pontedeume de fundición de diámetro de sección 200 y longitud 370 metros:**

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Rede de Abastecemento dende Avda. Lombardero Avda Dr. Villanueva:

Renovación da rede. Substitúe a orixinal de fibrocemento por fundición e incrementa diámetro de 100 a 200 mm

Acta recepción data 29/11/2017

Valor construción: 78.168,23 euros.

PROPOÑO: Proceder a modificación da ficha 1ABT0690008943 Rede de Abastecemento dende Avda. Lombardero Avda Dr. Villanueva en canto á incorporación do custo da renovación segundo as modificacións que se indican.

2.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á incorporación de ben inmble non inventariado segundo os seguintes datos

-Parque infantil e biosaludable

Proxecto de parque infantil e biosaludable de Ponte deume, redactado polo Arquitecto D. Oscar Pidre Mosquera, colexiado nº 3964 respectivamente, con un orzamento xeral de 107.914.06 euros, presentado o día 30 de novembro de 2015, (RE nº 7083).

Ubicación: Son terreos co referencia catastral 7863301NJ6076S0001ZW.

Segundo consulta realizada os planos: "Deslinde del dominio público marítimo terrestre. Tramo margen izquierdo del Rio Eume.", co numero de expediente "C-DL-191-Coruña", "C.12/06-D", "Hoja nº 3-16", "Ref. Plano situación 806-I-140", de "fecha febrero de 2007", do deslinde aprobado por Orden Ministerial de data 2 de outubro de 2009, os mesmos son os terreos necesarios para desenvolver a actuación se atopan dentro do Dominio Público Marítimo Terrestre, na zoa designada co numero 121.

Consta a inscrición co número 1INM06900051 do ben "PASEO MARÍTIMO" ubicación do mesmo Derecho: "mantenimiento y vigilancia", e Propiedad: "dominio público marítimo terrestre estatal. Demarcación de Costas del Estado"

Acta de recepción de data 24/11/2017

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha 1INM06900051 do ben "PASEO MARÍTIMO" en canto á incorporación da obra "Proxecto de parque infantil e biosaludable de Ponte deume", cunha valoración económica de 107.914.06 euros, segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

3.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á ficha correspondente ao Xardín Público Alameda de Raxoi. 1INM06900036 / Alameda de Raxoi

Remodelación de xardín público

Valor construción 65.178,14 euros

Acta de recepción data 07/04/20147

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha 1INM06900036 Xardín Público Alameda de Raxoi en canto á modificación do valor de construción segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.



4.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes nos servizos técnicos entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible **abastecemento 1ABT0690008952 Tramo de distribución en Pontedeume de fundición de diámetro de sección de 100 mm de longitud 2384**, en substitución de fibrocemento 100 mm y longitud 4028 metros

-Abastecemento de auga dende Pontedeume a O Portiño

Inversión: 114.019,81euros.

Data: Acta de recepción de data 20/10/2017

PROPOÑO: Proceder a modificación da ficha **1ABT0690008952 Abastecemento de auga dende Pontedeume a O Portiño** en canto á inversión e valor total segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

5.- MODIFICACIÓN. Rectificar ficha inmovible **1ABT0690008887 tramo de rede de distribución fibrocemento de diametro de sección 250 mm y longitud 760 metros.**

Incorporando observación: Afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención por un prazo de dez anos.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha **A 1ABT0690008887** en canto á afectación da obra segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

2.- BENS MOBLES.

1.- **ALTA.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte mobiliario creando ficha de alta de ben moble,segundo detalle adxunto:

INSTALACION DE RIEGO EN ALAMEDA:Suministro y colocación de aspensor emergente modelo 3504 de Rain Bi	5.262,71
JARDINERAS VARIAS EN EL CONCELLO DE PONTEDEUME / JARDINERAS COLGANTES	3.628,06
SILLA PLEGABLE SAM POLPROPILENO / COLOR GRIS / CARRO TRANSPORTE SILLAS SAM	7.043,65
CALEFACTOR GASOIL EN PABELLÓN / UD. DE SUMINISTRO DE AEROTERM	4.023,25
PC SOBREMESA / IB-15-I3-4GB-1TB-DVDRW-RED1GB / WINDOWS 7 PROFESIONAL X32X64 Licencia Electronica	1.001,34
PORTERIAS BALONMANO, REDES DE BALONMANO, ANCLAXES	6.936,75
PC SOBREMESA IB-15-I3-4GB-1TB-DVDRW-RED, POLICIA LOCAL	477,95
ACOMETIDA RIEGO ALAMEDA DE RAXOI.	5.889,07
TABOLEIROS E CANASTA PARA PARQUES SOUTO DA VILA E OS ROSALES	1.395,00
MUEBLES PARA O CENTRO DE MAIORES, DECRETO 352/2017	889,35
CLIMATIZADOR KAYAMI INTERVENCION.D. ADX	119,00
15 PAPELEIRAS E 5 BANCOS. D. ADX	2.574,28

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SUMINISTRO CONTENEDORES E SUJETACONTENEDORES. D. ADX	5.082,00
ESTANTERIA EXPOSITOR E SILLA DE TRABAJO CONCELLO. D. ADX	578,38
ESTANTERIA EXPOSITOR OFICINA DE TURISMO	341,22
LOTE DE XOGOS PARQUE DE CASTRELO-CENTROÑA. D. ADX	1.906,96
ORDENADOR IB-990 (15-8GB-1TB-RED-DVDRW) /PABELLON MUNICIPAL.-	477,95
MOBILIARIO PARQUE BIOSALUDABLE PASEO MARITIMO.D. ADX. *	2.112,66
SUMINISTRO Y COLOCACION DE JARDINERAS COLGANTES.-	7.992,23
DUCHA DE ACEIRO INOXIDABLE 316-BRILLO CON DOUS APOIA PES -PRAIA DE VER-.	1.681,90
FAROLA AVDA FERROL, ROTA A CAUSA DE ACCIDENTE	1.754,50
BALCONEIRA CONCELLO, SUMINISTRO E COLOCACION DE KIT DE XARDIÑEIRIA	716,93
MOBILIARIO INTERVENCION, (MESA DE TRABAJO, CAIXONEIRA, SILLE- RIA...)	1.576,39
SOPORTE MONITOR NB30 CON BRAZO ARTICULADO, SILLA TRABAJO SENTIS, CAIXONEIRA	778,64
REXA SIMPLE TORSION PISTA POLIDEPORTIVA DE CENTROÑA	3.000,00
CADEIRA FORMA ERGONOMICA DEPARTAMENTO INTERVENCION	314,60
CESTA COLUMPIO DE BEBE PARA USO PUBLICO PARQUE AVENIDA LOM- BARDEIRO	217,80
XARDIÑEIROA COLGANTES RUA INMACULADA, FLOR 800 GRIS ANTRAC	1.598,45
IMPRESORA CANON PIXMA MG3650 BLACK WIFI BIBLIOTECA. D. ADX	65,00
REFORMA INSTALACION ELECTRICA CAMPO DE FUTBOL A GANDARA	10.871,85
DESBROZADORA STIHL FS 460 C	935,00
MATERIAL INFORMatico INTERVENCION, SERV. SOC, POL. LOCAL, RE- XISTRO	4.888,07
COLOCACION CANALONS RECOLLIDA AUGAS PLUVIAIS. D. ADX	1.815,00
PANTALLA 21,4 " INTERVENCION. D. ADX	110,67



IMPRESORA MULTIFUNCION INTERVENCION. D. ADX	409,39
DISCO DURO EXTERNO	158,99
EQUIPAMENTO ARQUIVO SUMINISTRO E INSTALACION ESTANTERIAS. D, ADX	3.070,98
SINALIZACION RECURSOS TURISTICOS	5.110,39
FALSO TEITO CAMPO FUTBOL MUNICIPAL. D. ADX	1.350,58
ASPIRADOR ROWENTA PAVILLON	119,00
DIVERSO EQUIPAMENTO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL -CHALÉ ROSA-	1.522,63
CAMBIO PORTA ACCESO, FIESTRAS LOCAL ENSAIO PISTA SARMIENTO, D. ADX	3403,98

SEGUNDA: Aprobar a valoración do inventario de bens conforme ao establecido no Anexo 05. No sentido incluído en cadro adxunto:

CATEGORÍA	VALOR ADQUISICIÓN	VALOR NETO
Inmobles	20.683.911,59 €	19.299.185,91 €
Dereitos Reais	1.293.947,38 €	1.251.960,70 €
Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico	0 €	0 €
Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación	0 €	0 €
Vehículos	478.439,93 €*	146.185,22 €*
Semoventes	0 €	0 €
Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados	479.405,67 €**	3.234,77 €***
Bens e dereitos reversibles	0 €	0 €
TOTAL	22.224.643,43 €	20.097.705,31 €

***PENDIENTE DE INCORPORAR VALORACIÓN ECONÓMICA DE VEHÍCULOS DE ALTA EN 2016.**

**** PENDIENTE DE INCORPORAR VALORACIÓN ECONÓMICA DE BENS MOBLES DE ALTA EN 2016.**

*****PENDIENTE DE INCORPORAR VALORACIÓN NETA DE BENS MOBLES DE ALTA EN 2016 2017.**

INVERSIÓN APLICADA A RECTIFICACIÓN 2016: + 237.581,05 EUROS. SEN APLICAR AMORTIZACIONES ANUAIS POR FALTA DE VALORACIÓN.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTA. Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde na data indicada na marxe.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; **3 abstencións** do resto das señoras concelleiras, do PP(2): Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte; e do BNG-AA: Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, respostando que o valor dos bens é o de mercado, ante unha pregunta feita por Dna. M^a del Carmen Piñeiro Varela, concelleira do PP.

D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular pide intervir para, indicando que estando de acordo, como o voto así o di, consideran oportuno que, cando se trate de inventariar actuacións que colindan con veciñanza, se debe de dar traslado da información a aquela, a maiores da publicación no taboleiro e na web.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando adoptado por dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar as rectificacións do inventario de patrimonio municipal do concello de Ponte deume correspondentes ao ano 2017, que se considerarán feitas sobre o acordo de aprobación do inventario de patrimonio municipal adoptado polo Pleno corporativo de data 16.12.2015, acumulando ás aí aprobadas as seguintes que se detallan.

As rectificacións que se aproban serán incorporadas como parte do Inventario de patrimonio municipal tanto en soporte papel como en soporte dixital na aplicación www.inventariomunicipal.dicoruna.es/Invent/pontedeume, resultando o inventario de patrimonio do concello de Ponte deume aprobado definitivamente aos efectos do ano 2017, sen perxuízo das actualizacións do inventario pendentes de incorporar nos exercizos económicos 2012, 2013 e 2014 e, no seu caso, a posible incorporación de maiores bens ou dereitos correspondentes ao ano 2015, segundo o establecido no acordo de Pleno de data 16.12.2015. Neste suposto ás variacións serán incorporadas nos sucesivos acordos que con carácter anual se adopten sobre o inventario municipal dando cumprimento ao indicado no RD 1732/1986:

1.- BENS INMOBLES.

1.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos facilitados polos servizos técnicos municipais en bens inmobles abastecemento **1ABT0690008943 Tramo de rede de distribución en Ponte deume de fundición de diámetro de sección 200 y longitud 370 metros:**

-Rede de Abastecemento dende Avda. Lombardero Avda Dr. Villanueva:

Renovación da rede. Substitúe a orixinal de fibrocemento por fundición e incrementa diámetro de 100 a 200 mm

Acta recepción data 29/11/2017



Valor construcción: 78.168,23 euros.

PROPOÑO: Proceder a modificación da ficha 1ABT0690008943 Rede de Abastecemento dende Avda. Lombardero Avda Dr. Villanueva en canto á incorporación do custo da renovación segundo as modificacións que se indican.

2.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á incorporación de ben inmble non inventariado segundo os seguintes datos

-Parque infantil e biosaludable

Proxecto de parque infantil e biosaludable de Pontedeume, redactado polo Arquitecto D. Oscar Pidre Mosquera, colexiado nº 3964 respectivamente, con un orzamento xeral de 107.914.06 euros, presentado o día 30 de novembro de 2015, (RE nº 7083).

Ubicación: Son terreos co referencia catastral 7863301NJ6076S0001ZW.

Segundo consulta realizada os planos: "Deslinde del dominio público marítimo terrestre. Tramo margen izquierdo del Río Eume.", co numero de expediente "C-DL-191-Coruña", "C.12/06-D", "Hoja nº 3-16", "Ref. Plano situación 806-I-140", de "fecha febrero de 2007", do deslinde aprobado por Orden Ministerial de data 2 de outubro de 2009, os mesmos son os terreos necesarios para desenvolver a actuación se atopan dentro do Dominio Público Marítimo Terrestre, na zoa designada co numero 121.

Consta a inscrición co número 1INM06900051 do ben "PASEO MARÍTIMO" ubicación do mesmo Derecho: "mantenimento y vigilancia", e Propiedad: "dominio público marítimo terrestre estatal. Demarcación de Costas del Estado"

Acta de recepción de data 24/11/2017

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha 1INM06900051 do ben "PASEO MARÍTIMO" en canto á incorporación da obra "Proxecto de parque infantil e biosaludable de Pontedeume", cunha valoración económica de 107.914.06 euros, segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

3.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á ficha correspondente ao Xardín Público Alameda de Raxoi. 1INM06900036 / Alameda de Raxoi

Remodelación de xardín público

Valor construcción 65.178,14 euros

Acta de recepcion data 07/04/20147

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha 1INM06900036 Xardín Público Alameda de Raxoi en canto á modificación do valor de construcción segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

4.- MODIFICACIÓN. Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes nos servizos técnicos entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmble **abastecemento 1ABT0690008952 Tramo de distribución en Pontedeume de fundición de diámetro de sección de 100 mm de longitud 2384**, en substitución de fibrocemento 100 mm y longitud 4028 metros

-Abastecemento de auga dende Pontedeume a O Portiño

Inversión: 114.019,81euros.

Data: Acta de recepción de data 20/10/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PROPOÑO: Proceder a modificación da ficha 1ABT0690008952 Abastecemento de auga dende Ponte deume a O Portiño en canto á inversión e valor total segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

5.- MODIFICACIÓN. Rectificar ficha inmoble 1ABT0690008887 tramo de rede de distribución fibrocemento de diametro de sección 250 mm y longitud 760 metros.

Incorporando observación: Afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención por un prazo de dez anos.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha A 1ABT0690008887 en canto á afectación da obra segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

2.- BENS MOBLES.

